

PROCESO DE INSCRIPCIÓN

- ◆ Todos os interesados en inscribirse só teñen que cubrir o formulario on-line en: <http://www.apetega.org/IXxornadas/>
- ◆ Esta actividade de formación é **gratuita para os socios**.
- ◆ **Para os non socios a cota de inscrición é de 60 €** polo que ademais da inscrición on-line deberán facer o ingreso na conta de APETEGA (2080-0141-41-0040007345) e presentar o xustificante de dito ingreso ao comezo das Xornadas.
- ◆ **Os non socios que desexen aproveitar a ocasión para asociarse** só terán que facer un ingreso de 50 € na conta de APETEGA (2080-0141-41-0040007345), correspondentes á cota de alta como socio, e presentar tamén o xustificante bancario ao comezo das Xornadas.
- ◆ Quen desexe domiciliar o pago da cota de renovación como socio debe enviar cuberta e asinada á dirección postal de APETEGA (Apartado de Correos 142, C.P. 15702 Santiago de Compostela) a orde de domiciliación descargable en <http://www.apetega.org/socios>

Para calquera dúbida ou suxerencia, escribir a xornadas@apetega.org.



**ASOCIACIÓN DO PROFESORADO
DE TECNOLOXÍA DE GALICIA**

www.apetega.org
contacto@apetega.org

IX XORNADAS DE TECNOLOXÍA DE GALICIA

24 e 25 de abril de 2009
IES Otero Pedrayo de Ourense

Organiza:



**ASOCIACIÓN DO PROFESORADO
DE TECNOLOXÍA DE GALICIA**
www.apetega.org
contacto@apetega.org

IX XORNADAS DE TECNOLOXÍA DE GALICIA

IES Otero Pedrayo de Ourense

24 e 25 de abril de 2009

PRESENTACIÓN

A Asociación do Profesorado de Tecnoloxía de Galicia, APETEGA, comprácese en convidarvos a participar das IX XORNADAS DE TECNOLOXÍA DE GALICIA.

OBXECTIVOS

- Intercambio e divulgación de experiencias didácticas, material de aula e proxectos relacionados coa área de Tecnoloxía.
- Iniciación e afondamento práctico nos distintos ámbitos da área de Tecnoloxía: materiais, electrónica, automática, informática, etc.
- Aumento da intercomunicación educativa para a mellora na calidade do ensino público.
- Analizar a situación actual do ensino da Tecnoloxía.

CONTIDOS

- Técnicas didácticas de aplicación práctica na aula-obradoiro
- Experiencias innovadoras para a práctica docente na área
- As TIC como recurso educativo

METODOLOXÍA

- Obradoiros prácticos
- Conferencias
- Comunicacóns
- Exposición de proxectos

IMPORTANTE

- Calquera pode participar impartindo obradoiros, facendo unha comunicación, traendo proxectos para a exposición, etc.
- Está solicitada a homologación das Xornadas á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria por un total de 12 horas.
- Agradecemos a inscrición con antelación coa fin de facilitar a organización.
- Colgarase información detallada de utilidade na web de APETEGA, na sección sobre as Xornadas (<http://www.apetega.org/IXxornadas>).
- Para calquera dúbida ou suxerencia, escribir a xornadas@apetega.org.

PROGRAMA

VENRES 24 DE ABRIL

- 10:15 COMEZO DA VISITA DIDÁCTICA: Visita didáctica ás instalacións da Empresa CIE Galfor, no polígono industrial de San Cibrao das Viñas.
- 12:00 Visita didáctica ao Parque Tecnolóxico de Galicia.
- 14:15 Xantar* - Restaurante Casa Sofía.
- 16:15 COMEZO DAS XORNADAS no IES Otero Pedrayo de Ourense. Acollida, inscrición e entrega de material aos participantes.
- 17:00 Conferencia inaugural: "**Educación con software libre**", a cargo de Rubén Rodríguez Pérez, director do proxecto que desenvolve o sistema operativo Trisquel GNU/Linux.
- 18:00 Obradoiros (1ª quenda).
- 20:30 Comunicacóns.
- 22:30 Cea* - Restaurante Pingallo.

SÁBADO 25 DE ABRIL

- 10:00 Obradoiros (2ª quenda).
- 13:00 Comunicacóns.
- 13:30 Asamblea de APETEGA.
- 14:15 Xantar* - Café Teatro Xesteira.
- 16:00 Obradoiros (3ª quenda).
- 18:15 Obradoiros (4ª quenda).
- 20:30 Clausura das Xornadas.

* Nota: O prezo dos xantares e da cea non está incluído na cota de inscrición nas Xornadas, nin nas cotas de alta e/ou renovación como socios, polo que terá que ser aboado a maiores por todos aqueles que queiran participar neles.